



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga


Certificado
Lingua
Galega

2

Proba A1

Despois de ver un vídeo na TVG, vostede decide escribirlle unha **mensaxe electrónica** a unha amiga que quere ir de excursión por Galicia. Nesta mensaxe, de **200** palabras, debe:

- Describir de forma breve o Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Explicar algunha maneira de chegar ás illas.
- Suxerir a época do ano máis adecuada para ir.
- Recomendar a ruta que lle parece máis interesante.



NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Empty writing area for the exam.

Proba A2

Vostede ten unha amiga á que lle gusta participar en accións solidarias, así que decide escribirlle **unha mensaxe electrónica** despois de ler o artigo que vén a continuación.

No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudala e explicarlle o motivo da súa mensaxe.
- Comentarlle a campaña, o obxectivo e os destinatarios.
- Facer unha breve valoración persoal desta proposta e comparala con outras que coñeza.
- Animala a participar e despedirse.

CANDO XOGAR É UN SOÑO



A campaña “Un xoguete, unha ilusión” pon á venda o bolígrafo solidario para conseguir fondos e para lles enviar xoguetes a nenas e nenos que carecen deles.

O xogo é un dereito fundamental dos nenos e Nacións Unidas recoñeceuno como tal na súa declaración de 1989. Por iso, dende o ano 2000, a campaña “Un xoguete, unha ilusión” apoia aquelas organizacións non gobernamentais que traballan en proxectos de cooperación e atención á infancia. Esta iniciativa solidaria, que naceu da man de Radio Nacional de España e da Fundación Crecer Xogando, recada fondos para lles enviar, máis alá das nosas fronteiras, xoguetes novos aos pequenos que non os teñen.

O obxectivo é espertar a ilusión dos nenos e mellorar o seu desenvolvemento a través do xogo, como un ben que “diverte, educa, desenvolve a creatividade e axuda a establecer relacións afectivas entre os nenos”, tal e como explican os creadores da campaña. Grazas a esta medida solidaria, millóns de rapaces de 2 a 14 anos reciben o primeiro xoguete da súa vida.

Os xoguetes que se envían cumpren catro requisitos: son novos, sinxelos, educativos e adaptados a cada zona e destino. Para iso, algúns repártense de xeito individualizado. A cada neno correspóndenlle bonecos, camiións ou balóns. Os xogos colectivos —marionetas, disfraces, contos, instrumentos musicais, triciclos...— entréganse para os colexios, hospitais e outros centros públicos e comunitarios.

Deste xeito, preténdese desenvolver o xogo tanto no ámbito familiar como no comunitario, onde os pequenos aprenden a compartir.

Como apoiar a iniciativa

Para dar a coñecer a campaña, organízanse diferentes actividades eponse á venda o bolígrafo solidario. Este sinxelo artigo é, desde 2005, o obsequio que os consumidores obteñen a cambio de apoiar a iniciativa. O seu prezo é de 5 €, que se destinan a fabricar os xoguetes para os nenos. Cantos máis fondos se consigan, máis xoguetes se repartirán e en máis países.

14 anos de experiencia

Esta campaña iniciouse hai catorce anos co obxectivo de lles doar xoguetes novos a nenos doutros países. Dende hai dous anos, os xoguetes repártense tamén en España a través de Cruz Vermella. O obxectivo é a defensa e a promoción do dereito ao xogo en todos os lugares do mundo. Ata o momento, entregáronse máis de sete millóns de xoguetes e construíronse 2300 ludotecas en preto de 44 países, grazas á colaboración de máis de 64 organizacións non gobernamentais.

Fonte: Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Empty writing area for the exam.

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

**PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA**

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: